



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 8 de xullo de 2015

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 22.30 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación modificación presupostaria número 2**
- 3. Recoñecemento extraxudicial crédito**
- 4. Mocións número 15/1330, 15/1331, 15/1332 e 15/1333 presentadas polo grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón**
- 5. Información da alcaldía**
- 6. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Comeza dicindo o señor Canabal que se felicitan porque cada vez veñan máis veciños aos plenos.

A continuación procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes neste momento, apróbase a acta de sesión que tivo lugar o 25 de xuño do 2015.

2.Aprobación modificación presupostaria número 2

Neste intre, cando son as 20.35 h. chega o concelleiro señor Bermúdez Devesa .

Dase conta de que na comisión de contas que tivo lugar o 28 de maio de 2015, e en base ós seguintes:

“Antecedentes:

O pleno da corporación na sesión celebrada o 14 de xaneiro de 2015 acordou:

- *Participar no plan de aforro e investimentos (PAI) 2015 da Deputación provincial e solicitar a aplicación do préstamo provincial ás seguintes finalidades*
 - a) *Minoración débeda* 72.369,82 €
 - b) *Investimentos financeiramente sostibiles (proxecto Cño. Cruce de Boqueixón por Maravexás –Santaia -Casaldesuso)* 122.331,54 €

Lexislación aplicable:

1/ O artigo 177 da Lei reguladora das facendas locais que establece “cando haxa de realizarse algún gastos non exista crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario. “ Este expediente someterase á aprobación plenaria con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que o presuposto.

2/ A Base nº 8 do presuposto xeral municipal 2015, regula así mesmo os créditos extraordinarios, e establece no seu apartado 2/ que estes expedientes poden financiarse con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de inversión.

3/ Os artigos 11 a 17 da Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, segundo os cales as corporación locais deben cumprir os obxectivos de estabilidade presupostaria, límite de débeda e límite de gasto, tanto na fase de elaboración dos presupostos como durante a súa execución.

4/ O artigo 116 bis da Lei 27/2013 s/de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local, establece que cando por incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, do obxectivo de débeda ou da regra de gasto, as corporacións locais incumpridoras formulen o seu plan económico financeiro, terán que facelo de conformidade cos requisitos que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o mencionado plan incluírá polo menos as seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinadora dos servizos obrigatorios para reducir os seus custos.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que incumpra os obxectivos.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

Informe:

Primeiro – En canto ao importe de 72.369,82 € destinado á minorización do préstamo que actualmente ten o concello, nada que obxectar posto que non afectará ao obxectivo de estabilidade presupostaria e por suposto, tampouco ao da débeda nin a regra de gasto porque o ingreso impútase ao capítulo 9 do presuposto de ingresos e o gasto (amortización préstamo) tamén ao capítulo 9 do presuposto de gastos. Unicamente dicir, que se ben se reduce a débeda bancaria (con ABANCA) e tamén se reducen os intereses a aboar porque o préstamo da Deputación é sen intereses, o total do capital segue o mesmo porque unha vez transcorridos os dous anos de carencia, o concello debe devolver á deputación en dez anualidades o citado importe do préstamo, por importe de 194.701,36 €.

Segundo – En canto ao importe de 122.331,54 € destinados a execución do proxecto de reparación Camiño cruce de Boqueixón por Maravexás – Santaia – Casaldesuso (Codeso), comporta o incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria porque ao tratarse dun préstamo contabilízase no capítulo 9 (pasivos financeiros) do presuposto de ingresos, mentres que o gasto, unha vez executado o proxecto contabilizarase no capítulo 6 do presuposto de gasto.

O obxectivo de estabilidade presupostaria calcúlase tendo en conta os capítulos 1 a 7 de ingresos e gastos, polo que resultará o seguinte:

INGRESOS CORRENTES	GASTOS CORRENTES	AFORRO BRUTO
Capítulo 1 – 780.067,94	Capítulo 1 – 1.220.224,27	92.727,13
Capítulo 2 – 12.000,00	Capítulo 2 – 1.099.070,54	
Capítulo 3 – 319.200,00	Capítulo 3 – 12.400,00	
Capítulo 4 – 1.345.154,00	Capítulo 4 – 33.500,00	
Capítulo 5 – 1.500,00		
Total 2.457.921,94	Total 2.365.194,81	
INGRESOS DE CAPITAL	GASTOS DE CAPITAL	
Capítulo 6 – 0,00	Capítulo 6 – 506.068,55	
Capítulo 7 – 335.392,04	Capítulo 7 – 0,00	
Total 335.392,04	Total 506.068,55	
TOTAL CAPÍTULOS 1 - 7 2.793.313,98	TOTAL CAPÍTULOS 1 - 7 2.871.263,36	
		-77.949,38

conclusión: Non se cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria.

cos votos a favor do PP e en contra dos concelleiros, daquela lexislatura, do PS de G e do non adscrito, INFORMOU FAVORABLEMENTE o expediente de modificación de créditos número 2 do presuposto xeral municipal deste exercicio presupostario”.

A continuación o señor Canabal da agrupación Veciñ@s de Boqueixón di o seguinte: Sen ruborizarse o máis mínimo, os concelleiros do PP, presumiblemente votarán a favor desta modificación orzamentaria. Unha modificación orzamentaria que fará que este Concello entre en desequilibrio financeiro no presente ano, tal e como recolle a intervención no informe que se acompaña.

E ben, temos que dicir que os concelleiros do PP tiñan que ser perfectamente conscientes do que estaban a votar no pleno do pasado mes de xaneiro, cando se aprobou o PAI.

Dicía eu daquela:

Calquera persoa, minimamente “racional”, poderá comprender que o punto que se trae a este pleno é un auténtico fraude á democracia, aparte dun engano ao conxunto dos cidadáns.

E non podía vir doutro sitio que desas institucións ás que teño cualificado (e non por ser eu orixinal) de decimonónicas, escuras, non democráticas e que cos gobernos do PP se converten en auténticos “niños de caciques”. Institucións que queiran ou non, déanlle ou non máis competencias, están abocadas á súa desaparición, por seren anacrónicas.

Digo fraude e engano, pois se non hai cartos para regar de chapapote e formigón “o seu mercado dos votos”, pois permítense facer obras a pagar en 10 anos. É dicir, van decidir obras que comprometerán aos tres vindeiros gobernos municipais (2 anos de carencia e 10 de devolución), e fano, sen pestanexar, sen ruborizarse, como se as institucións lles pertenceran por dereito.

Claro, como o escándalo é maiúsculo (fagan obras que xa as pagarán nos vindeiros 10 anos), disfrazan este plan como tamén “de aforro”, tendo que destinarse unha parte á “redución do endebedamento municipal” e á realización de “investimentos financeiramente sostibles”. E xa neste punto de “investimentos financeiramente sostibles” cabe calquera cousa, e tamén a contraria.

Deste xeito, en Boqueixón dos 194.701,36 €, dedican:

- 72.369,82 € a reducir a débeda directamente.
- 122.331,54 € van ao investimento, é dicir, a incrementar a débeda (a pagar en 10 anos con dous de carencia).

É pois un xogo de auténticos trileros. Acollémonos a un plan para reducir a débeda (Plan de Aforro e Investimentos disque lle chaman), para á súa vez, incrementar a débeda.

Pois ben, tal cal. Despois de solicitar este marabilloso plan, agora vémonos abocados a esta modificación orzamentaria, o que provoca que este concello entre en desequilibrio orzamentario. E isto que significa?

Pois moi doado, que unha vez máis, vostedes incumpren a lexislación básica estatal, o que traerá unha serie de consecuencias, a saber e para resumir:

- Aprobación dun plan económico financeiro, o que significa a curto prazo incrementar ingresos e reducir gastos.
- Intervención doutras administracións sobre os servizos que presta o concello. Si se demostra que hai un desequilibrio orzamentario é porque a xestión é deficiente, e polo que intervirá a propia deputación, que foi o que fixo o xogo de trileros tal e como acabamos de dicir.

En concreto, e atendendo á Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira:

- **Artigo 11.4:** As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.
- **Artigo 19:** Fala da advertencia de risco de incumprimento desa posición de equilibrio, o que motivará unha advertencia ante a Comisión Nacional de Administración Local, onde a administración incumpridora terá un mes para adoitar as medidas necesarias para evitar o risco, que terá que ser informada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o que revisará se estas son suficientes ou insuficientes para corrixir o risco existente.
- **Artigo 20 e 21:** Fala das medidas automáticas de corrección, é dicir, do Plan Económico Financeiro que xa se fala no informe da intervención, o que suporá, basicamente, ter que incrementar ingresos e reducir gastos. Ademais nestes supostos de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, todas as operacións de endebedamento precisarán autorización do Estado ou da Comunidade Autónoma.

En fin, toda unha relación de medidas claras de intervención da administración local, o que provocará que os veciños soporten unha vez máis o incremento dos ingresos, parella con unha perda de calidade dos servizos públicos, posto que tamén haberá que reducir gastos.

Pois todo isto, porque ao equipo de goberno pasado se lle ocorreu acceder ao plan PAI, e asfaltar a pista por Maravexás. Certamente, vainos saír moi cara esta actuación, e todo, pese a que xa temos alertado desta actuación. Está claro que falar neste pleno, de pouco serve, aínda que os feitos nos vaian dando a razón.

O señor Sanjuás Mera di que todo está suficientemente explicado e apoian a proposta da alcaldía.

Di o señor Canabal que estivo recompilando preceptos de leis Montoro e así comproba como afectan ás administracións dun xeito pexorativo.

Sen máis procédese coa votación, e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 2/2015 cuxas cantidades deberán ser aplicadas como a continuación se sinalan:

ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS		
Capítulo	Denominación	Importe	Capítulo	Denominación	Importe
9	Pasivos financeiros	194.701,36	9	Pasivos financeiros	72.369,82
-	-	-	6	Inversións reais	122.331,54

2- Con esta modificación o presuposto de ingresos e gastos quedará tal como a continuación se indica:

ESTADO DE INGRESOS	ESTADO DE GASTOS
--------------------	------------------

1	780.067,94	1	1.220.224,27
2	12.000,00	2	1.099.070,54
3	319.200,00	3	12.400,00
4	1.345.154,00	4	33.500,00
5	1.500,00	5	-
6	-	6	506.068,55
7	335.392,04	7	-
8	3.000,00	8	3.000,00
9	380.307,69	9	302.358,31
Total	3.176.621,67	Total	3.176.621,67

3- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web do concello durante 15 días e considerado aprobado se durante este prazo non se presentan reclamacións.

3.Recoñecemento extraxudicial crédito

No Pleno realizado o día 13 de maio de 2015, acordouse deixar sobre a mesa o punto onde se aprobaban dúas facturas emitidas pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández porque contiñan erros tanto nas datas como nas contías dos conceptos.

Despois de ser corrixidas pola empresa, son emitidas de novo e entregadas no rexistro municipal con data 5 de xuño de 2015.

Hai que ter en conta que as obras facturadas foron realizadas no ano 2013, polo tanto as facturas deben ser recoñecidas extraxudicialmente; e por outro lado, **en cumprimento do art. 88.4 da Lei 37/92, de 28 de decembro que regula o IVE, o empresario perde o dereito á repercusión do IVE cando transcorre un ano desde a data do devengo**, polo tanto propónse ao Pleno o recoñecemento das facturas que logo se detallan.

O señor Canabal di o seguinte: “Certamente, é un tema recorrente, e teño que confesar, que xa me aburre dicilo. Aínda que sei de antemán que teño razón, que todo o que aquí digo está avalado polas leis reguladoras en materia financeira das administracións locais, en todos estes anos (aportamos os datos dos últimos 15 anos), non atopamos ningunha medida por parte do equipo de goberno para paliar este feito.

Este ano, teño novo público, así que vou tentar, unha vez máis, explicar en que consiste este procedemento do recoñecemento extraxudicial de facturas, que a lei contempla excepcional, á vez que irregular.

Comezo por unhas pinceladas previas para explicar en que consiste esta figura do recoñecemento extraxudicial de crédito:

- O propio Consello de Contas de Galicia, ten reflectido no informe de fiscalización a este concello que “o recoñecemento extraxudicial de créditos é

reflexo dunha situación de deficiente xestión municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario”.

- Aínda que como é lóxico, esta figura existe e aparece dentro da lexislación referida ás facendas locais, está permitido “excepcionalmente” pola lei como medida de protección dos intereses de terceiros (só faltaría que os provedores non cobraran pola mala xestión do alcalde de turno).
- Mais a súa aplicación, e así está recoñecido na xurisprudencia e nos diversos informes do propio Consello de Contas de Galicia, “*supón unha quebra do propio concepto de orzamento e dos principios de anualidade e especialidade cualitativa e cuantitativa*”.

Analicemos o grao de “excepcionalidade” no Concello de Boqueixón:

- Dende o ano 2000 o concello de Boqueixón recoñeceu extraxudicialmente **3.295.317,08 €**, o que supón un promedio de **219.687,81 €** movidos dun ano para o seguinte.
- É dicir, entre os tres plenos deste ano aproban por esta figura excepcional **338** facturas por un importe de **119.306,46 €**.
- O grao de excepcionalidade é tal que as facturas son todas de gastos comúns do concello, na súa maioría aos consumos enerxéticos como xa se dixo, mais tamén ao pago da asesoría urbanística, ao mantemento informático, aos calendarios e revistas e a algúns arranxos pequenos.

Analizo a continuación os recoñecementos extraxudiciais de crédito dende o ano 2000, simplemente para a súa incorporación á acta desta sesión.

REC	
2000	51.086,03 €
2001	210.354,24 €
2002	276.465,57 €
2003	211.948,54 €
2004	471.508,78 €
2005	127.291,12 €
2006	223.040,71 €
2007	196.060,25 €
2008	748.239,16 €
2009	290.082,17 €
2010	131.816,17 €
2011	62.955,19 €
2012	95.765,04 €
2013	79.397,65 €
2014	119.306,46 €
TOTAL	3.295.317,08 €
PROMEDIO	219.687,81 €

Obvio pois recordarlle que isto racha o principio de anualidade do propio orzamento, e que despois do dito nestes anos, fan recoñecementos extraxudiciais de crédito masivos a sabendas de que é un acto irregular.

Pero é que aínda por se isto fora pouco, traen vostedes aquí dúas facturas que rachan absolutamente os criterios básicos de elaboración de facturas. Explícome: Dúas facturas orixinadas no 2013, que foron presentadas no 2015.

Vamos, aparte da especificidade do IVE que está recollido na proposta da alcaldía, este feito, racha asemade co regulamento de facturas. Non se pode facturar un feito, dous anos despois. Así o establece o Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación:

Artigo 11. Prazo para a expedición das facturas

1. As facturas deberán ser expedidas no momento de realizarse a operación. Non obstante, cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, as facturas deberán expedirse antes do día 16 do mes seguinte a aquel en que se producira o devengo do Imposto correspondente á citada operación.

Artigo 18. Prazo para a remisión das facturas.

A obriga de remisión das facturas que se establece no artigo 17 deberá cumprirse no mesmo momento da súa expedición ou ben, cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, no prazo dun mes a partires da data da súa expedición.

Queda pois claro que esta factura non respecta os preceptos básicos que debe presentar calquera factura, polo que este concello non debera de aceptala e moito menos, pagala. E se aínda fora pouco isto, posiblemente incumpren tamén o regulamento do Punto Limpo. Porque na propia factura vai un concepto que di que o farol foi depositado no punto limpo, cando, e estamos a falta de facer as comprobacións, esta empresa deberá ter un xestor autorizado para este lixo.

Vamos, unha manchea de irregularidades, que fan que este concello pareza que se rexe máis ben por un sistema foral medieval propio que pola lexislación vixente.

É increíble que todas estas cousas estean pasando nunha administración pública e no século XXI. Calquera xestor, despois de todo o que acabamos de dicir, tería sido cesado xa no ano 2000, ou ben por vergoña, tería dimitido antes. Aquí nin unha cousa nin a outra.

É increíble ter que dicir estas cousas un ano tras outro, advertir que non se cumpre a lei, e ver que non se fai nada por arranxar o problema. Por iso, se despois de todo o que temos dito, este punto é aprobado, verémonos na obriga de por este caso en mans doutras instancias, e advertir, unha vez máis, que os concelleiros serán responsables do sentido do seu voto.

O señor Sanjuás di que o señor Canabal alega o mesmo todos os anos, e que trátase de obras que se tiveron que executar porque apareceron os farois e luminarias destruídas por vehículos descoñecidos e polo tanto non se lles puido esixir o seu arranxo. Por isto o tivo que efectuar o concello.

O señor Canabal di que a administración non pode facer algo ilegal e ademais, segue dicindo, transportounos ó punto limpo, o cal non está permitido.

O señor alcalde di que este é un tema que el se encontrou enriba da mesa, que efectivamente, os recoñecementos extraxudiciais deben ser excepcionais e polo tanto procurárase que cheguen a esta situación o menor número posible de facturas.

Segue dicindo o señor alcalde que a el tampouco lle agrada esta situación e , por suposto, as facturas deben presentarse en tempo e forma, cumprindo os requisitos que esixe a lei, e estas débense aboar se non supón ilegalidade.

A secretaria-interventora di que se o servizo efectivamente se executou, débese aprobar e aboar a factura.

Que o recoñecemento extraxudicial, ten precisamente esa finalidade de recoñecer tanto as facturas para as que non existe crédito como as que se remiten fóra de prazo e por suposto tampouco existe crédito, independentemente de que o RD 1619/2012 polo que se aproba o regulamento das obrigas de facturación estableza uns prazos para expedir e remitir as facturas e por suposto, tamén tendo en conta que os recoñecementos extraxudiciais deben ser moi excepcionais, entre outros motivos porque afectan tanto ao principio de estabilidade presupostaria como ó da regra de gasto.

Di o señor Canabal que isto pode ter consecuencias xurídicas.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

Aprobar as seguintes facturas:

Factura núm. 1102 emitida por Montaxes Eléctricos Fernández, SL con data 30/05/2015 polo concepto de colocación de farol ornamental rota por vehículo descoñecido en Lestedo, xunto á panadeira o día 28/02/2013 por importe de 1.484,18 euros

Factura núm. 1103 emitida por Montaxes Eléctricos Fernández, SL con data 30/05/2015 polo concepto de luminaria e columna rotas en Rodiño por vehículo descoñecido o día 30/06/2013 por importe de 1.694,49 euros

Comunicar a Tesourería que fagan o pagamento das facturas polo importe da base impoñible debido a que a data do devengo é superior a un ano, polo que a empresa perde o dereito á repercusión do IVE

4.Mocións número 15/1330, 15/1331, 15/1332 e 15/1333 presentadas polo grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón

MOCIÓN NÚMERO 15/1330

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal de Veciñ@s vén observando nos últimos anos un preocupante abandono dos espazos públicos do Concello, que foi sempre xustificado polo equipo de goberno na falta de persoal do concello para realizar ditos traballos.

O abandono de moitos destes espazos públicos trae aparelado un deterioro máis acelerado, polo que queremos instar ao concello, como teñen feito algún dos concelleiros deste grupo, unha limpeza urxente de todos estes espazos públicos (parques, zonas escolares, pistas, fontes, lavadoiros...).

Aínda sendo conscientes de que o equipo de goberno está formado pola mesma organización que o sustentou nos últimos 25 anos, queremos neste punto dar unha marxe de tempo razoable para que o novo alcalde poida dar solución a estas demandas, que son compartidas por unha grande parte da poboación de Boqueixón.

Pero ademais disto, o grupo de Veciñ@s vén observando tamén unha multitude de cuestións que non terían un custo a maiores para o concello, e que si redundarían nunha mellora nas condicións de vida de moitos dos nosos veciños, sobre todo de vellos, cunha mobilidade reducida e nenos. A saber, poñemos como exemplo as seguintes:

- As beirarrúas están cheas de obxectos que entorpecen a libre circulación, caso dos maceteiros, que interrompen o tránsito de persoas, de persoas con difícil mobilidade (cadeiras de rodas), cochiños de nenos...
- Non se entende a necesidade de manter uns maceteiros sen plantas en beirarrúas nin en áreas recreativas cando estas están intransitables e cheas de maleza.
- A Escola Unitaria de Camporrapado ten algunhas carencias que xa foran solicitadas pola ANPA do CRA sen que de momento foran solucionadas. En concreto solicitaban a apertura da porta de acceso ao recinto, por non poder pasar por ela cun paraugas aberto.

Poden verse que estas demandas veciñais, non terían apenas custo para o Concello, e facilitaría moito ás persoas con mobilidade reducida e ao colectivo dos nenos.

É por iso, que sometemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Retirar todos aqueles obxectos que están a entorpecer a libre circulación en vías e espazos públicos, nomeadamente os maceteiros.
2. Ir progresivamente mellorando as beirarrúas e espazos públicos en materia de accesibilidade, coa eliminación de todas as barreiras arquitectónicas.
3. Ampliar o oco no muro da Escola de Camporrapado, limpar e delimitar respecto do resto da área de lecer o parque infantil desta escola unitaria por motivos de seguridade e control dos nenos.
4. Dotar de bancos a aquelas zonas polas que máis pasean e andan os nosos maiores”.

Expón dona Carmen Soutullo a defensa da moción, a cal di o seguinte:

O grupo municipal de Veciños vimos observando nos últimos anos un abandono dos espazos públicos do Concello , o que trae consigo un deterioro de ditos espazos , polo que instamos o Concello a limpeza e restauración urxente de todos estes espazos públicos como son parques , zonas escolares , pistas , fontes , lavadoiros ,

O grupo Veciños de Boqueixón somos sabedores, porque falamos coa xente e así nolo manifestaron, que estas demandas son compartidas por gran parte da poboación de Boqueixón .

Como Grupo de Veciños que formamos parte de esta corporación e que queremos contribuír o bo goberno de este noso Concello daremos unha marxe de tempo o equipo de goberno para que de solución a estas demandas veciñais .

Ademais de isto o Grupo de Veciños ven observando outras cuestións que non terían un custo para o Concello e redundarían nunhas mellores condicións de vida dos nosos veciños , sobre todo vellos, persoas con mobilidade reducida, nenos ,

Como exemplo podemos dicir que :

- As beirarrúas están cheas de obxectos que entorpecen a libre circulación . Sobre todo referímonos os famosos maceteiros que están a interromper o transito de persoas , cadeiras de rodas , cochiños de nenos , ...
- Non se entende a necesidade de manter uns maceteiros sen plantas en beirarrúas , nin en áreas recreativas cando estean intransitables e cheas de maleza .
- O lóxico sería proceder a limpeza de estas áreas e despois se é posible dotalas de algunha planta , pero non de maceteiros , que vivimos na aldea e temos espazos verdes .
- A escola unitaria de Camporrapado ten algunhas carencias que xa foron solicitadas pola ANPA do CRA sen de momento ter resposta ningunha .
- Solicitábase a ampliación da porta de acceso ao recinto escolar por ser esta moi estreita , non colle unha persoa con un paraugas aberto , e a súa vez esta porta debería de permanecer pechada en horario escolar , pois corremos o risco de que un rapaz saía a rúa co conseguinte perigo que isto entrañaría .
- Outra cuestión que consideramos de suma importancia para tódolos veciños é a eliminación de todo tipo de barreiras arquitectónicas en edificios ou espazos públicos .

E por iso sometemos o Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos :

- 1 - Retirar todos aqueles obxectos que estean a entorpecer a libre circulación en vías e espazos públicos (reiteramos, maceteiros) .
- 2 - Dotar de bancos en aquelas zonas polas que máis pasean os nosos maiores .
Un banco é un punto de encontro, de conversa, de relación entre os veciños, de intercambio de ideas, ...
- 3- Ampliar o oco no muro da escola unitaria de Camporrapado . Limpar e delimitar respecto do resto da área de lecer o parque infantil de esta escola por motivos de seguridade e control dos nenos .

O señor alcalde respóndelle que o seu grupo ten a mesma preocupación e que, de feito, xa se ten realizado algo nese sentido, como a limpeza das beirarrúas, desbroces en parroquias, etc, e que xa se encargou un estudo sobre a situación dos parques infantís e un plan para todos os maceteiros.

Solicítovos (di o señor alcalde) que todas as deficiencias que detectedes e consideres as poñades en coñecemento desta alcaldía.

A señora Soutullo di que urxe ampliar o oco no muro da escola de Camporrapado e delimitar a parque infantil desta escola. Di así mesmo, a señora Soutullo se poden “adoptar” os maceteiros.

Responde o señor alcalde, que non estaría mal, porque algunhas persoas xa os están coidando moi ben.

O señor Canabal di que hai meses que o CRA presentou varias demandas no concello.

O señor Sanjuás responde que todo o que solicitaron foilles concedido, e que poden retirar a moción porque todo o que piden nela xa se está facendo.

Respóndelle o señor Canabal, que sendo así, tamén poden aceptar.

O señor alcalde di que, efectivamente, xa se está executando todo o que piden e que se irán vendo todas as melloras que se están realizando.

Por unanimidade apróbase esta moción número 15/1330.

MOCIÓN NÚMERO 15/1331

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero establece no seu preámbulo que a violencia de xénero “non é un problema que afecte ao ámbito privado. Ao contrario, manifestase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se exerce sobre as mulleres polo feito de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión”.

Como establece a mencionada lei a violencia de xénero é un problema social, non privado, polo que as administracións públicas deben concienciar e sensibilizar á sociedade na prevención desta lacra social, así fai referencia o Título I de dita lei: Medidas de sensibilización, prevención e detección de violencia de xénero, así como a intervención en diferentes ámbitos (educativo, publicidade, sanitario...), neste mesmo título, no seu artigo 3 punto 2 establece que os poderes públicos, no marco das súas competencias, impulsarán ademais campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

É por isto que o grupo municipal de Veciñ@s denuncia unha falta total de accións de manifestación e sensibilización do Concello de Boqueixón, como poder público, ante os sucesos de violencia de xénero e abuso a menores que, ultimamente están a saír nos medios de comunicación e, que afectan directamente a este concello.

Así pois, dende o grupo municipal de Veciñ@s denunciemos que o concello de Boqueixón, como poder público, a día de hoxe non teña presentado ningún manifesto, nin ningún tipo de repulsa que sensibilicen á sociedade ante esta lacra social. O motivo non o sabemos pero, si sabemos que existe unha concellaría de Servizos Sociais e Igualdade que se encarga das Políticas de Igualdade de Xénero e da coordinación do centro de información á muller (CIM) e, que polo momento non se manifestou ante estes acontecementos.

Como Grupo Municipal rexeitamos a violencia xénero e o abuso a menores, e tamén condenamos os acontecementos acaecidos no Concello Boqueixón, os cales foron recollidos en varios medios de comunicación da Comunidade de Galicia.

É por iso polo que sometemos ao pleno da corporación de Boqueixón, a adopción dos seguintes acordos:

1. A elaboración dun manifesto de condena da institución municipal por estes actos de violencia de xénero e abuso de menores que estiveron saíndo ao longo do último mes nos xornais de Galicia.

2. Un esforzo maior nas campañas de información e sensibilización por parte do CIM deste concello.
3. O concello de Boqueixón porase en contacto coas vítimas a través dos servizos sociais e do CIM ao fin de ofrecer apoio xurídico, psicolóxico e económico a estas vítimas.

Exposta a súa posición pola señora M^a del Carmen Soutullo Carolo, o señor alcalde di que solicitou informe ao CIM de Boqueixón, que dispón de dúas profesionais para asesoramento xurídico e psicolóxico. Según lle informa o CIM “Todos os anos, desde o concello de Boqueixón fanse actuacións concretas de educación, prevención e sensibilización en materia de violencia de xénero. en concreto coa poboación infantil e xuvenil do concello. As últimas actividades foron as de :”Obradoiros para a prevención da violencia de xénero en adolescentes (no CPI Antonio Orza Couto 2014) ; educación en igualdade para a poboación infantil que participa nas actividades de conciliación , murais contra a violencia de xénero elaboradas pola poboación infantil, taller contra a violencia de xénero e novas tecnoloxías con alumnado de secundaria do CPI Antonio Orza Couto

Existe unha coordinación permanente con institucións do concello, aos efectos de detectar situacións de risco e levar a cabo as actuacións necesarias por parte de Servizos Sociais e do CIM.

Dispónse de publicidade continua dos Servizos Sociais e do CIM na páxina web do concello, ofertando os seus servizos e como contactar con eles, aparte de dípticos informativos repartidos polo concello.

Por outra banda o concello dispón dun protocolo municipal contra a violencia de xénero (presentado publicamente o 23 de novembro do 2009 ante todos os medios de comunicación) que se puxo en marcha en relación cos este últimos acontecemento de agresión, mantendo contacto coa vítima e outros órganos institucionais e tendo un coñecemento directo da situación e ofrecendo o apoio necesario.

Segue dicindo o señor alcalde que, por isto, poden compartir certas partes da moción pero non todas porque non se axusta á realidade, pois como se pode comprobar, desde o concello estanse facendo actuacións.

A señora Soutullo di que no caso tan recente que aconteceu, non é lóxico e é impresentable que non se elaborara un manifesto, aínda que vostede a título persoal actuara correctamente pero a nivel corporativo non se fixo nada.

O señor alcalde di que tal como está redactada a moción non a apoian pois o concello si actuou neste caso en apoio desta persoa aínda que non viva no concello de Boqueixón.

O señor Barcala di que non vive en Boqueixón pero si está censada en Boqueixón.

O señor alcalde di que descoñece si o concello de Santiago de Compostela, onde vive, fixo algún manifesto.

O señor Canabal di que se pide que se condene, e o señor alcalde pregúntalle ¿quen defende a moción, el ou a señora Soutullo Carolo?.

O señor Canabal alterado e vociferante, di que só piden que o concello se manifeste e condene.

O señor alcalde di ao señor Canabal que non vai tolerar esas actitudes e saídas de tonos Plenos, e que con esas formas pouco se vai axudar á cidadanía.

O señor Canabal pide perdón.

O señor alcalde di que si se corrixe o paragrafo número 3 da moción, aceptaría.

A señora Soutullo Carolo pregunta, si se tratase doutro tipo de violencia que non sexa de xénero, se a condenarían.

O señor alcalde reitera que non está de acordo, como está redactado o paragrafo tres.

Elíminase o citado paragrafo tres e por unanimidade acórdase aprobar a moción do seguinte xeito:

1. A elaboración dun manifesto de condena da institución municipal por estes actos de violencia de xénero e abuso de menores que estiveron saíndo ao longo do último mes nos xornais de Galicia.
2. Un esforzo maior nas campañas de información e sensibilización por parte do CIM deste concello.

MOCIÓN NÚMERO 15/1332

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é a novena rexión produtora de leite en Europa, pero o sector teme que progresivamente vaia perdendo peso. Logo do fin das cotas, os gandeiros estanse atopando con que as industrias teñen dificultades para absorber os leves aumentos de produción que se rexistraron, no entorno do 2%. A maiores, os prezos para parte dos gandeiros están reducíndose ata cotizacións anormalmente baixas, no entorno dos 18 céntimos, cifras moi inferiores ós 28 céntimos de media no mercado.

O sector teme a deslocalización da produción a outras comunidades, así coma o aumento das importacións de leite.

O panorama no sector industrial tampouco convida ao optimismo. Arredor dun terzo da produción de leite galega viña saíndo en cisternas para ser transformada noutras comunidades. Co fin das cotas, o sector produtor teme que parte das industrias trate de incentivar a produción no entorno das súas factorías en detrimento da produción galega, que lles orixina un custo engadido de transporte.

Así as cousas, as tres organizacións agrarias tradicionais en Galicia, Sindicato Labrego, Unións Agrarias e Asaja Galicia, veñen de convocar unha mobilización para o 17 de xullo en Compostela. As tres entidades contactarán estes días coas outras organizacións do agro, caso da Federación Rural Galega (Fruga) ou da Organización de Produtores de Leche (OPL), con cooperativas e tamén con partidos políticos e colectivos da sociedade civil para solicitar o seu apoio e participación. O sector gandeiro aspira a recuperar a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo de Galicia, que nos anos 80 protagonizara importantes mobilizacións.

Son moitas as comarcas e concellos de Galiza nos que a súa actividade económica e social está directamente vinculada ao sector lácteo, e que polo tanto a súa propia supervivencia vai depender do devir dos e das explotacións lácteas. E tamén en

Boqueixón este é un sector estratéxico, onde aparte de existir numerosas explotacións adicadas ao leite hai a existencia dunha Cooperativa Leiteira, talleres especializados en maquinaria agrícola...

É imprescindible forzar ao goberno galego, sexa da cor que sexa, a que cumpra coa súa responsabilidade, como fai con outros sectores. Ten que intervir para normalizar as relacións entre as partes e non como agora decantarse polos máis fortes.

É por iso, que sometemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Boqueixón apoia as accións que conxuntamente presenten os sindicatos agrarios en defensa do Sector Lácteo Galego, e en defensa do sector do noso concello.
2. O concello de Boqueixón formará parte da Plataforma en Defensa do Sector Lácteo Galego en caso de chegar a constituírse e apoiará todas as medidas que dela parte.
3. Remitir copia do presente acordo ás organizacións agrarias convocantes da mobilización do vindeiro 17 de xullo.

Expón dona Carmen Soutullo a defensa da moción, a cal di o seguinte:

Primeiramente expoñer os motivos polos que é necesario defender o sector lácteo galego :

- Galicia é a novena rexión produtora de leite en Europa pero o sector lácteo esta a perder peso .
- Chegou o fin das cotas , que mal que ben garantía a recollida de todo o leite producido, e os gandeiros estanse atopando con que as industrias teñen serias dificultades para absorber uns leves aumentos da produción, sobre un 2 % .
- Os prezos para a gran parte dos gandeiros estanse reducindo . Estanse a pagar 18 céntimos polo litro de leite cando a media no mercado é de 28 céntimos. Pero diríamos máis nos anos 85 pagábase polo litro de leite arredor dos 30 céntimos.
- Pasaron 30 anos dende aquela e estamos falando de prezos de auténtica miseria, cando as cotas a seguridade social e os custos de produción incrementáronse en máis dun 200 % .
- O sector teme a deslocalización da produción e o aumento das importacións .
- Co fin das cotas o sector produtivo teme que as industrias incentiven a produción no entorno das súas factorías en detrimento da produción galega que lles orixinaría un custo de transporte .

Así as cousas o Sindicato Labrego Galego , Unións Agrarias e Asaja Galicia veñen de convocar unha mobilización para o día 17 de xullo en Compostela. Outras organizacións do agro, cooperativas, partidos políticos e colectivos da sociedade civil sumáronse a esta mobilización.

O sector gandeiro aspira a recuperar a Plataforma en Defensa do Sector Lácteo de Galicia que xa nos 80 protagonizara importantes mobilizacións.

Consideramos que para Boqueixón este é un sector estratéxico pois temos numerosas explotacións leiteiras, unha importante cooperativa leiteira, talleres especializados en maquinaria agrícola , ...

Por todo isto débese forzar o goberno, sexa da cor que sexa, que cumpra coas súas responsabilidades co sector. Ten que intervir para normalizar as relacións entre as partes e non decantarse polos máis fortes.

E por iso que queremos someter o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos :

- 1 - O concello de Boqueixón apoia as accións que conxuntamente presenten os sindicatos agrarios en defensa do sector lácteo galego.
- 2 - O concello de Boqueixón formará parte da plataforma en defensa do sector lácteo galego e apoiara tódalas medidas que dela partan.
- 3 - Remitirase copia do presente acordo as organizacións agrarias convocantes da mobilización do vindeiro 17 de xullo.

O señor alcalde di que acepta esta moción e infórmalles que o día 7 de xullo houbo unha xuntanza no edificio CERSIA en Santiago de Compostela, precisamente para tratar estes tema e que o sentir maioritario era de total apoio e defensa do sector.

Por unanimidade acórdase aprobar esta moción número 15/1332

MOCIÓN NÚMERO 15/1333

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma da Lei Orgánica de Seguridade Cidadá, que entrou en vigor o pasado 1 de xullo, supón unha das máis represivas iniciativas da historia recente do Estado Español. Son moitos os aspectos nos que a Lei resulta profundamente opresiva pero, se houbo unha motivación especial para o desenvolvemento da mesma, esta foi a obsesión do goberno por conseguir frear o incremento exponencial das diversas formas de protesta que se deron ao longo e ancho do Estado. Non en van, este proxecto de reforma xa é coñecido popularmente como a Lei Mordaza, unha lei que reprime a liberdade de expresión, principio consagrado na Constitución Española.

Así son milleiros os organismos e colectivos que manifestan que a liberdade de expresión e o dereito de manifestación e reunión quedarán feridos de morte de xeito definitivo. E non só organismos estatais, senón incluso moitos organismos internacionais (como, por exemplo, a ONU) que teñen denunciado e urxido á retirada destas normas por considerar que vulneran dúcias de artigos da lexislación internacional en materia de dereitos.

O sistema normativo español actual contén centos de artigos herdados do franquismo, o que fai que leve no seu celme a idea de represión e castigo como punto sobre o que ordenar unha sociedade. Esa idea de orde que tan central é nos sistemas ditatoriais casa perfectamente tamén no ADN da concepción homoxeneizadora e de concentración de poder nas que se basea o neoliberalismo e a globalización. O homoxéneo é ordenado e, polo tanto, controlable, pois sábese sempre como vai responder. E aí reside a base destas Leis Mordaza. A chegada da crise (primeiro económica e logo estrutural, pois afecta a todos os eidos desta sociedade) supuxo unha precarización da vida das persoas e un esmagamento gradual dos seus dereitos, o que deveu nun incremento progresivo das protestas sociais e da resposta cidadá. O poder empezou a perder espazos e, con el, a estabilidade e o control social total, así que comezou a desenvolver ferramentas para recuperar os espazos perdidos.

A crise económica, que empezou este ciclo coa caída de Lehman Brothers en 2008, trouxo consigo un escenario de descontrol que, en moi pouco tempo, transformouse nun escenario de oportunidade para as grandes estruturas financeiras e transnacionais. Estas perante a situación de incerteza creada conseguiron facer a presión suficiente como para inserir reformas lexislativas que implicaban para elas beneficios

multimillonarios mentres a cidadanía e o planeta vían como se destruían unha vez máis os seus dereitos.

As mobilizacións crecentes, a confluencia de movementos e forzas de todo tipo ou a enorme diversidade de eidos e de formas de repertorio á hora da protesta, implican que, na actualidade, os diferentes gobernos se defendan facendo modificacións normativas que transforman en “legal” o que antes non o era, pero que en ningún case consegue atopar a validez ética das mesmas. E xunto a estas modificacións legais, ao mesmo tempo, incrementáanse pouco a pouco as forzas de represión. Un dos exemplos máis claros é o estado español onde cada ano dende 2012 se foi incrementando en máis dun 1.000% o gasto en material antidisturbios (incluso formando ao exército en técnicas das propias UIP).

As leis mordaza son unha ferramenta que asocia a idea de que as persoas sen papeis son persoas sen dereitos (legaliza as “devolucións en quente”), que penaliza a reunión en espazos públicos, que impide os piquetes informativos, que prohibe difundir imaxes dos corpos de represión (aínda que estes estean cometendo un abuso) ou que pena co cárcere a difusión de lemas de manifestacións a través das rrss ou a resistencia pasiva.

Estas leis pretenden silenciar, a través do medo, a penalización e a represión, a enorme diversidade de voces que denuncian e constrúen vías de saída da crise diametralmente opostas ás actuais, e que ven a oportunidade de avanzar cara a modelos sociais máis xustos nos que haxa reparación e se diriman responsabilidades. Voces que buscan avanzar cara a un modelo no que cada unha das persoas que conforman a sociedade sexan responsables e representantes de si mesmas e onde os dereitos das persoas e o planeta sexan sempre unha liña vermella. Voces que obedezan á ética e non á lei. Voces de persoas que dende o minuto cero entendan (e exerzan!) que os seus dereitos son inalienables e, polo tanto, quen llos pisa comete unha violación, pero en ningún caso se perden.

É por iso polo que sometemos ao pleno da corporación de Boqueixón, a adopción dos seguintes acordos:

1. O concello de Boqueixón manifesta o seu rexeitamento á Lei Orgánica de Seguridade Cidadá que entrou en vigor o pasado 1 de xullo.
2. O concello de Boqueixón solicita do goberno do Estado a derogación inmediata desta lei que atenta contra os máis elementais dereitos fundamentais.
3. Remitir copia deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Interior e aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.

Feita a exposición, o señor Canabal di que neste caso entende que voten en contra a diferenza da anterior para que se alterou.

O señor alcalde recórdalle que as formas nunca se deben perder.

O señor Sanjuás di que lle parece excesivamente amplo e que explican. Que se aprobaron a lei, será porque había consenso e será por algo, aínda que non sabemos se será boa ou mala.

O señor alcalde di que se proceda coa votación e o señor Canabal alega que nas mocións é o propoñente o que pecha o debate. Segue dicindo o señor Canabal que os concelleiros están suficientemente capacitados para saber se é unha lei boa ou mala e reafirmámonos na crítica ao Goberno do Estado.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación de Veciñ@s de Boqueixón, rexeitase a moción número 15/1333.

5. Información da alcaldía

A) Dáse conta dos decretos que tiveron lugar desde o 11/05/2015 ata o 03/07/2015, do que se dan por informados.

B) Dáse conta dos seguintes decretos:

- DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29 DE XUÑO DO 2015, SOBRE A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, QUE A CONTINUACIÓN SE TRANSCRIBE:

“Constituída a corporación municipal o día 13 de xuño de 2015 e acordada a constitución da Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 25 deste mes e ano,

RESOLVO:

1. Nomear membros da Xunta de Goberno a:

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

2. Corresponderá a Xunta de Goberno e baixo presidencia desta alcaldía, a asistencia permanente á mesma no exercicio das súas atribucións así como as que lle delegue a alcaldía ou calquera outro órgano municipal ou que expresamente lle atribúan as leis.

3. Notificar esta resolución ás persoas designadas a fin de que presten, no seu caso, a aceptación de tales cargos.

4. Remitir un anuncio dos nomeamentos para a súa inserción no BOP e no taboleiro de edictos do concello”.

- DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 29 DE XUÑO DO 2015, SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN NA XUNTA DE GOBERNO, QUE A CONTINUACIÓN SE TRANSCRIBE:

“En virtude das atribucións que me outorga o artigo 41.3 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

RESOLVO :

1) Delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións :

a) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo pleno, aprobar as bases das probas para a selección de

persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

- b) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.
- c) Contratación de obras, de subministros, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
A adxudicación definitiva, ao terse que efectuar no prazo de 5 días hábiles seguintes á recepción do documento, poderá efectuarse indistintamente pola Xunta de Goberno, si coincide con sesión ordinaria, ou no caso contrario, pola alcaldía.
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto, e non se trate de contratos de obras cuxa execución exceda do presuposto anual, cuxos proxectos foran redactados independentemente para cada unha das partes da obra.
- e) A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas nin se trate de bens declarados de valor histórico ou artístico, calquera que sexa o seu valor.
- f) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou a outros órganos.
- g) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- h) A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral, non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- i) As demais competencias que expresamente lle atribúan as leis e aquelas outras que a lexislación do Estado ou da Comunidade Autónoma asignen ao municipio e non atribúan a outros municipais

6.Rogos e preguntas

O señor Canabal di que como nos últimos anos o PP non fixo ningún rogo ou pregunta, porque supoño que teñen todo perfectamente claro, os concelleiros de Veciños, creo que todos, formulamos as seguintes preguntas e rogos.

PREGUNTAS:

1- Sobre a recollida de animais abandonados e accidentados.

Temos constancia que actualmente os animais abandonados e accidentados se depositan no punto limpo, despois de que este concello tomara a decisión de rescindir o convenio coa Canceira de Bando, o 9 de novembro de 2011.

Neste caso quixeramos saber se isto é así, e senón é así, que se fai con eles.

Responde o señor alcalde que lle contestará por escrito.

Por outro lado, di o sr. Canabal, quixeramos que con urxencia, se tratara este tema, e se respectara a regulación en Benestar Animal, que sospeitamos non se está cumprindo.

2- Sobre o Horario Sanjuás.

Teño anotada a pregunta sobre o horario que ten o concelleiro con exclusiva, pero vou a reservala para dentro duns meses.

3-Sobre o planing de limpeza e os criterios de prioridade dos espazos públicos parroquiais.

Neste caso, ao longo da intervención do alcalde no relativo á moción de accesibilidade que presentamos, xa dixo que o criterio era o do calendario das festas patronais. É un criterio como outro calquera, aínda que terei que dicir que é cando menos curioso.

4-Servizos Sociais:

En canto aos servizos sociais quixéramos facer algunhas preguntas e algún rogo tamén. Sabemos que no presente mes se asignaron novas horas ao servizo de dependencia, concedido dende a Consellaría de Traballo e Benestar. Porén, chama a atención unha carta recibida neste concello o pasado 19 de xuño, da Secretaria Xeral de Política Social que textualmente dicía:

ASIGNACIÓN DE NOVAS HORAS A PARTIRES DO 1 DE XULLO DE 2015

En relación ao concello de Boqueixón observamos como na data do 7 de xuño ten 123 horas dispoñibles sen asignar.

A partires do 01/07/2015 procederase a un novo incremento de horas asignadas aos concellos, co seu correspondente financiamento. No caso de manterse a situación actual e non utilizar as horas actualmente dispoñibles, ese concello non se considerará preferente na asignación de novas horas de incremento para o servizo, pospoñendo a posibilidade de incremento das horas asignadas a ese Concello.

*Asdo. Coro Piñeiro Vázquez
Secretaria Xeral de Política Social”.*

Chama pois a atención que habendo lista de espera, chegue esta carta da Consellaría ao Concello.

- A que é debido?

Por outro lado, agradeceríamos un informe da traballadora social (que ben podería ser regular) sobre as horas asignadas aos servizos de Axuda no Fogar, polos dous sistemas, cal é a lista de espera deste servizo, que graos están sen atender...).

Por outro lado, tamén rogamos ao concello, se é posible, que asigne un número maior de horas das “Prestacións Básicas” nas que ten competencias, para atender aos casos máis urxentes da lista de espera por Dependencia (e que non estean atendidos pola Dependencia). Neste caso, tamén queremos dicir, que existen algunhas demandas que puidemos ver no rexistro deste Concello.

Outro rogo que queremos facerlle ao Concello é que informe aos usuarios deste servizo das taxas que pagan, é dicir, que saiban a taxa que paga e porque a pagan. Tamén é interesante que se informe de todas aquelas melloras que ofertou a empresa, para que os usuarios saiban perfectamente a que teñen dereito. (Neste caso, esiximos tamén unha copia aos concelleiros desta corporación).

Resposta o alcalde que xa se está facendo

Por último e en relación ao servizo de axuda a domicilio, que supoño que a concelleira nesta área nos poderá dicir, existen queixas entre os usuarios sobre a coordinación do servizo, polo que instamos ao concello a que faga todo o posible para arranxar esta situación.

Responde o señor alcalde que o obxectivo é reasignar todas as horas e o motivo do retraso foi o cambio de empresa prestadora do servizo. Que, en todo caso, cúmprese con todas as horas asignadas e que se lle dará traslado dun informe sobre as horas e os usuarios.

En canto ao maior número de horas das prestacións básicas, xa se está facendo. Concretamente, teño (di o señor alcalde) constancia de dous casos que me trasladou a traballadora social.

En canto a que sería interesante informar aos veciños de todas as melloras que ofertou a empresa, poñerase en coñecemento da traballadora social e deberá ser ela a que adopte as medidas que estime oportunas en cada caso.

5-En canto á Limpeza.

Neste punto quixeramos facernos eco dos problemas de limpeza existentes sobre todo no CPI, debido fundamentalmente a que hai tan só 3 operarias de limpeza para atender polo menos, 3 edificios do CPI, 2 Centros Médicos, 3 Escolas Unitarias, 15 locais socias, 1 casa da Cultura, Centro de Interpretación do Pico Sacro, a Casa do Concello, Ximnasio e 2 Pavillóns.

Temos constancia de que os horarios das traballadoras son moi amplos, polo que solicitamos un incremento do persoal de limpeza deste concello.

Por outro lado, e coma advertencia, e como aquí nos coñecemos todos, non quixer que empregaran ningunha presión sobre as traballadoras. As queixas que temos recibido son froito do escaso persoal, e en ningún caso, de que fagan mal o seu traballo.

Responde o señor Sanjuás que a súa xornada laboral non excede do horario preceptivo.

O señor alcalde di que se elaborará un informe.

Reitera o señor Canabal, que sabe como traballan e que cree que o fan moi ben.

6-Local no Concello para o Grupo de Veciños.

Aproveitando tamén este primeiro pleno, quixeramos reiterar a existencia dun local para a elaboración do noso traballo no concello. Correspóndenos por lei.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas:

ROGOS:

Rogo se inste a COTOP, que teña a ben ocuparse do mantemento do ultimo quilómetro da estrada AC 960, que vai dende a saída da Ponte Nova de Ledesma ata a entrada da Ponte Vella de Ledesma, que desde que se lle botou a derradeira capa de aglomerado non se volveu a mirar por ela e ten numerosas fochas, o igual que o resto da estrada que se ven de pintar, pero non se lle tapan as fochancas que deixou o paso do inverno.

PREGUNTAS:

1. Quixera saber si o novo alcalde e consciente dos numerosos problemas que temos cas telecomunicacións no noso Concello, basicamente cas liñas ADSL , para internet. Por si vostede non o sabe hai moitas parroquias que non teñen liñas de teléfono, están usando teléfonos sen fío, os popularmente coñecidos como tracs, a través dos cales e tecnicamente imposible ter internet, e por si isto fora pouco, resulta que hai Parroquias que teñen liñas telefónicas, pero curiosamente non teñen servizo de ADSL (internet). Esta petición xa foi feita en numerosas ocasións o anterior alcalde, pero aínda non sabemos nada. E mais hai veciños, moitos deles empresarios e comerciantes, que precisan este servizo xa, para poder traballar nas súas empresas, estamos no século XXI, e a ferramenta de traballo de hoxe vostede que ven da Xunta, que lle parece si o deixaramos sen internet una semana?

2.Aproveito para recordarlle que os concelleiros da oposición non temos internet no salón de Plenos. Iso si, vostedes dispoñen de 16 teléfonos móbiles con cargo as arcas do Concello. Gustaríame saber cal e a relación de teléfonos móbiles e quen os ten asignados, e para que funcións.

Responde o señor alcalde que lle trasladará un listado no cal se sinalen os números de teléfono e qué departamentos os teñen.

En canto aos concelleiros, di o señor alcalde que só teñen móbiles do concello, a alcaldía e o tenente de alcalde, señor Sanjuás.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde